

O Consello Social da USC na súa sesión de 29 de decembro de 2004 aprobou o orzamento da universidade e o anexo de tarifas por servizos universitarios no que se inclúen as tarifas a aplicar no suposto de participación de persoal da universidade con ocasión da cesión de espazos. Cómpre establecer o réxime de prestación das colaboracións do persoal, polo que,

Este Reitorado resolve:

Procederá pagar ao persoal da Universidade cando sexa necesaria a súa presenza nos centros con motivo da cesión de espazos en sábados pola tarde, en domingos ou festivos.

A colaboración será sempre voluntaria e, de ser posible, rotativa.

O xestor académico do centro ou no seu caso o responsable de asuntos económicos solicitará a colaboración do persoal.

Os responsables de asuntos económicos emitirán a factura, segundo o modelo que se acompaña, indicando os diferentes conceptos de acordo coas tarifas establecidas para a cesión de espazos. O importe que corresponde facturar pola participación do persoal debe ser o total que resulta de aplicar a tarifa e o custo de seguridade social. O IVE aplicarase sobre todos os conceptos incluídos na factura.

O responsable de asuntos económicos, propondrá á Xerencia, a través do Servizo de Xestión de Persoal, o pagamento do persoal do centro, para o que deberá cumprimentar o formulario que se acompaña. Tamén tramitarán as modificacións orzamentarias para a xeración de crédito nas partidas orzamentarias do capítulo I polas que se vaian pagar as colaboracións e naquelas outras partidas do centro que financian a cesión de espazos, segundo o formulario que se acompaña.

Ditas contías pagaranse en concepto de gratificacións por servizos extraordinarios. Cando se trate de persoal funcionario imputarase á partida orzamentaria 8125 3000 15011 en concepto de plus de actividade por servizos extraordinarios. Cando se trate de persoal laboral imputarase á partida 8125 3000 13200.

Nos supostos en que non fora posible o cobro da factura, as obrigas recoñecidas con cargo a ese dereito deberán ser financiadas polo crédito ordinario do centro.

Santiago, 7 de marzo de 2005

Senén Barro Ameneiro
Reitor da Universidade de Santiago de Compostela

Retribucións

Retribución media xornada-Grupo III	60,00 €
Retribución media xornada-Grupo IV1 e IV2	50,00 €
Retribución media xornada-Grupo C °	60,00 €
Retribución media xornada-Grupo D	50,00 €
Retribución xornada completa-Grupo III	90,00 €
Retribución xornada completa-Grupo IV1 e IV2	75,00 €
Retribución xornada completa-Grupo C	90,00 €
Retribución xornada completa-Grupo D	75,00 €

A estas retribucións hai que engadir os costes da Seguridade Social:

31,59% Persoal laboral fixo - 32,30% Persoal laboral eventual
25,19% Persoal funcionario



Tal e como establece a Resolución Reitoral de data 7 de marzo de 2005 pola que se establece o réxime de prestación do persoal da USC que participe con ocasión da cesión de espazos e o procedemento para o pagamento de dita prestación, elévase a seguinte proposta:

PROPOSTA PAGAMENTO AO PERSOAL POR CESIÓN DE ESPAZOS

Días cedidos _____ Entidade _____
Factura número _____ Data factura _____

Nome do traballador	NIF	Grupo	Número de xornadas traballadas	Tarifa	Total a percibir

Responsable de asuntos económicos
Facultade de

Conforme coa proposta
O xerente

Asdo:

Factura número:	
Data:	
NIF/CIF cliente:	

CIF Universidade de Santiago de Compostela
ES-Q1518001A

Datos cliente

Unidades	Concepto	Prezo unitario	Importe
		Subtotal	
		% IVE	
		TOTAL	

Formas de pagamento
<ul style="list-style-type: none"> - Efectuar ingreso na c/c:0049-2584-99-2414005499 - Talón bancario a nome da Universidade de Santiago de Compostela - NOTA: facer referencia ao número da factura ao efectuar o pagamento